

## Ficha artística

**Autoría:** Jean-Baptiste Poquelin, Molière

**Dirección:** Carles Alfaro

**Producción:** Centro Dramático Galego

### Elenco (por orde alfabética)

Casilda Alfaro	SEÑORA PERNELA, nai de Orgón
César Cambeiro	ORGÓN, marido de Elmira
Antela Cid	ELMIRA, muller de Orgón
Xoán Fórneas	VALERIO, namorado de Mariana
Mónica García	CLEANTA, irmá de Elmira
Marta Lado	MARIANA, filla de Orgón
Roberto Leal	SEÑOR LEAL, axente xudicial
Rebeca Montero	DORINA, criada de Mariana
Alejandro Saá	TARTUFO
Patricia Torres	DAMIS, filla de Orgón

### Equipo artístico

Escenografía	Baltasar Patiño
Vestuario	Diego Valeiras
Iluminación	Carles Alfaro
Música orixinal	Anxo Graña
Caracterización	Trini F. Silva
Tradución	Loli Ramos
Asesoramento lingüístico	Roi V. Ponte
Asistencia de dirección	Vanesa Sotelo

### Realizacións

Escenografía e Utilería	Equipo técnico do CDG
Estrutura metálica	Armesa
Vestuario	Equipo técnico do CDG e do CCG
Fotografía	Miramemira
Deseño gráfico	Trisquelía



## Dime algo bonito

A trufa medra baixo a protección dunha simbiose micorrízica cunha planta. O fungo infecta as raíces da planta para poder obter a través dela determinadas substancias que el só non pode sintetizar. Pero non nos trabuquemos, a planta tamén se ve beneficiada con esta relación, ao obter nutrientes e auga da trufa. Molière parte desta fermosa metáfora brindada pola natureza para contarnos a historia de Tartufo, un home que para medrar económica e socialmente entra en simbiose cun membro da alta burguesía. Tartufo sabe detectar as necesidades de Orgón -que así se chama o noso burgués- e ofrecerlle un bálsamo que calme a súa ansiedade. Poderíamos dicir que se converte así en precursor do que hoxe coñecemos como *neuromarketing*. Tartufo non vende produto ningún: ofrece espiritualidade, vende emocións. Tampouco a nós non se nos venden coches, senón a sensación de liberdade; nin teléfonos móbiles, senón a promesa da renovación perpetua, a imposible certeza dunha vida mellor.

Todos os que rodean a Orgón decátanse do engano. A pregunta que xorde é: por que Orgón non? É parvo quizais? Ou é que escolle conscientemente ser enganado? que sabe que no engano agóchase moita máis felicidade, ou polo menos unha felicidade moito máis doada de alcanzar, que no enfrontamento coa realidade? Atoparemos resposta a esta pregunta se nos contestamos sinceramente: sabemos nós cando entramos no concesionario que ese coche novo non nos vai facer máis libres? que a liberdade só se pode escribir con maiúsculas moi lonxe dese concesionario? Somos conscientes de que ese novo móbil é un exemplo máis de obsolescencia programada? Precisamos crer esas doces promesas dun futuro de cor de rosa, ou crémolas de verdade?

Aí reside o perigo de Tartufo, o perigo de todos os tartufofos. Saben detectar as nosas necesidades, saben crear desexos, saben ofrecer solucións aos nosos problemas. Saben que sabemos que menten. E saben que non só non nos importa, senón que escollemos deixarnos enganar en prol dunha vida un pouco mellor ou, simplemente, un pouco máis cómoda.



# CDG

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Rúa Nova 34, Santiago de Compostela

T. +34 981 58 11 11 (de 9 a 14 h)

www.centrodramatico.gal

www.agadic.gal

cdg.salonteatro

Non sabes distinguir entre hipocrísia e devoción?  
Queredes empregar a mesma vara de medir para  
as dúas, para o artificio e a sinceridade?  
Que estraña é a especie humana!



## Centro Dramático Galego

Dirección **Fefa Noia**  
Produción **Francisco Veiga**  
Secretaría de dirección **Manuela Domínguez**  
Administrativa **América Peña**  
Axudante de produción **Laura Hevia**  
Xestión **Manuela González**  
Prensa **Ana Rosales e Ana Miragaya (Agadic)**

Equipo técnico  
Técnico de iluminación **Juanjo Amado**  
Técnicos de son **Guillermo Vázquez e Antonio G. Budiño**  
Encargado estrutura escénica **Salvador Forján**  
Tremoias **Elixio Vieites, Mauro Chao, Antonio Mayo,  
René Rodríguez e Xaquín Rei**

Auxiliar de imaxe e son **Juan Carlos Pacios**  
Encargado de talleres **Fernando Rodríguez**  
Xastra **María Negreira**  
Limpeza **Marisol Pérez**



Agradecementos: Eva Alarte, Henrique Harguindey, Paloma Lugilde, César No, Mónica Santos e Escenosest



UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

dirixida por **CARLES ALFARO**

# TARTUFO

de Molière



XUNTA DE GALICIA